



ACTA

16ª SESIÓN DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE TEO

Lugar: Salón de Plenos do concello de Teo

Día: 20 de novembro de 2025

Hora: 11,30h

Hora de finalización: 13,00h.

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión do 19 de maio de 2025.
2. Presentación da representación infantil, adolescente e adulta no CLIA.
3. Presentación de propostas elaboradas no FoPIA e nos centros educativos sobre a protección e seguridade da infancia e a adolescencia no ámbito dixital a nivel local.
4. Lectura da Declaración institucional

ASISTENTES:

Juan Cerqueiro presidente do CLIA, concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, Terceira idade e Relacións Veciñais.

María Vázquez Rey, concelleira delegada de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

Margarita Rosende, concelleira delegada de Cultura, Turismo, Festas tradicionais e Festexos.

Rogelio Gómez Fernández, concelleiro delegado de Deportes e Xuventude.

Afonso García Pernas, representante profesorado IES Cacheiras.

Natalia López Arcay por delegación da presidenta da ANPA do ceip A Ramallosa.

Patricia Míguez Ríos, en representación da anpa Rabadela, ceip de Calo.

Amalia M^a Estévez Reino, representante profesorado ceip Os Tilos.

Silvia Míguez Barreiro, Asociación Arcostilos.

Eva López Soto, educadora dos Servizos Sociais Comunitarios. A cal exerce como secretaria.

Marisé López Sío, educadora social ATELIER SOCIAL

10 Representantes dos ceips A Ramallosa, Os Tilos, Calo, e IES Cacheiras (Ver Anexo 1)

2 Representantes do alumnado do ceip Os Tilos

10 Representantes do alumnado do IES Cacheiras

AUSENTES:

Rogelio Lema, representante polo grupo político Partido Popular.

Eloi Devesa, representante polo grupo político BNG.

M^a Josefa Argibay Da Silva, polo grupo político PSdeG-PSOE.

María López, representante polo grupo político Proxecto Común de Teo.

Isaura Cacheda, representante profesorado ceip A Ramallosa.

Lucía Gesto, representante profesorado ceip de Calo.

Representante ANPA Ies Cacheiras

Representante ANPA COBAS do ceip Os Tilos.

Deliberacións:

En tanto non comeza a xuntanza o concelleiro de Infancia Juan Cerqueiro reparte camisetas ás *Toupas de Teo* que non dispoñen dela por incorporarse este ano. Abre a sesión dando a benvida ás vogais presentes e especialmente ao alumnado dos centros educativos que nos acompaña hoxe, así como ao seu profesorado. Comenta que o acto de hoxe coincide coa celebración do *Día da Infancia* e que está previsto que a representación infantil do CLIA asista tamén ao Parlamento de Galicia mañá 21 de novembro. A alcaldesa tamén saúda á representación adulta e infantil, agradecendo o seu labor e que formen parte do día a día do quefacer político indicando que se estudarán as propostas que se presenten, e asegura que a referida ás marquesiñas se fará.

1. Aprobación da acta da sesión do 19 de maio de 2025. O concelleiro Juan Cerqueiro somete a acta da última sesión do CLIA a aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos 12 vogais con dereito a voto presentes na sala.

2. Presentación da representación infantil, adolescente e adulta no CLIA. O concelleiro comenta que se comezou o curso escolar no mes de setembro coa formación nos centros educativos pero que se anotou pouco alumnado, polo que este ano baixou o número de representación infantil e adolescente. Anima á rapazada dos centros educativos a que se anoten.

3. Presentación e debate das propostas elaboradas no FoPIA e nos centros educativos sobre a protección e seguridade da infancia e a adolescencia no ámbito dixital a nivel local. O concelleiro solicita as Toupas de Teo que comecen coa presentación das propostas elaboradas:

Comeza **Ariadne**: Ola, Somos o grupo de participación infantil e adolescente "As toupas de Teo" e queremos propoñer que as **marquesiñas das paradas dos buses** sexan máis cómodas, seguras e sostibles.

Moitas veces temos que esperar baixo a choiva ou co sol enriba, polo que propomos **poñer máis cubertas e bancos cómodos**, para que todas as persoas poidan agardar a gusto.

Tamén queremos **iluminación para** que se vexa ben cando non hai luz natural.

Gustaríanos poder facer **debuxos nas marquesiñas**, así cada parada sería diferente e máis alegre, facendo de Teo un concello **máis acolledor e bonito**, e esperar o bus sería unha experiencia agradable para todos.”

A continuación toma a palabra **Julia**: Hoxe quero falar das redes sociais, que xa forman parte do noso día a día. Non penso que debamos velas como algo malo por defecto, nin convertelas nun monstro que nos queira facer dano. En realidade, as redes poden ser moi útiles: axúdannos a comunicarnos, a descubrir ideas novas e mesmo a aprender cousas que doutro xeito non coñeceríamos.

Pero, igual que todas as ferramentas importantes, require un certo coidado. As redes non son perigosas por existir, senón polo uso que facemos delas. Se non protexemos a nosa privacidade, se cremos calquera cousa que vemos ou se nos deixamos influír por comentarios que fan dano, entón si, poden converterse nun lugar complicado.

É fundamental aprender a movérmonos nelas con seguridade: pensar antes de publicar, controlar a quen lle damos información, evitar contidos tóxicos e lembrar sempre que detrás dunha pantalla hai persoas reais, con sentimentos coma nós.

Por iso digo que non debemos demonizar as redes, pero tampouco idealizalas. Non son totalmente boas nin totalmente malas: son un reflexo do uso que lles damos. Se actuamos con sentido, poden ser un espazo positivo e enriquecedor. E por iso hoxe vimos con novas propostas ao concello que de seguido lerán os meus compañeiros e compañeiras.

Continúa **Mateo**: Moitas veces non sabemos ben que facer cando hai un problema en internet, como o ciberacoso, o mal uso das imaxes ou as noticias falsas.

Por iso, queremos propoñer que o noso concello organice **charlas de sensibilización sobre:**

- **que é o ciberacoso e como paralo,**
- **sobre o uso responsable das redes sociais,**
- **os límites de tempo nos xogos en liña ,**
- **e sobre como e a quen pedir axuda en caso de ter problemas e internet.**

Pedimos talleres para profesorado, familias e autoridades que traten os seguintes temas:

- **Como acompañar sen controlar, educando na era dixital**
- **E talleres con pautas para saber actuar cando os nenos e as nenas piden axuda.**

Así faríamos de Teo un lugar **máis informado e máis seguro**.

Continúa a presentación de propostas Hugo: **Os videoxogos son unha ferramenta moi útil tanto para o entretemento como para a nosa aprendizaxe. Consideramos que pode ser unha canle para aprender a usar a tecnoloxía de forma responsable, segura e positiva.**

Queremos propor unha **Feira do Videoxogo** que presente os beneficios de aprender divertíndose coa tecnoloxía.

Nesa feira poderían organizarse:

- Obradoiros para nenos e nenas sobre como crear videoxogos.
- Espazos de xogos cooperativos

- Postos informativos sobre seguridade en liña e dereitos dixitais.
- Torneos de videoxogos
- Novas propostas de videoxogos non coñecidos adaptados as nosas idades.

Deste xeito a feira sería un momento lúdico e un espazo de aprendizaxe.

A continuación toma a palabra **Ainhoa: Gustaríanos falar do ciberacoso. Na maioría de casos, as vítimas sofren en silencio, por medo, ou vergonza, creando maiores problemas a longo prazo.**

Queremos mencionar o caso de Sandra Peña, un exemplo de como o acoso e o ciberacoso pode chegar a destruír vidas.

Ela e o resto das vítimas, non tiveron a culpa de nada, non era nin polos seus gustos, pola súa forma de ser nin pola súa personalidade.

Para previr futuros casos pedimos:

- Creación dun protocolo Municipal contra o Acoso e o Ciberacoso
- Unha canle segura de denuncia confidencial
- Formacións para familias, autoridades e profesorado sobre a implantación dese protocolo e doutros xa existentes.
- E guías visuais sobre como proceder ante o ciberacoso

O concello debe actuar dende a prevención, xa que, nalgúns casos a intervención chega demasiado tarde.

Finaliza **Eloy** coas seguintes palabras: **Despois de escoitar a nosa compañeira Noa sobre o cyberbullying, que tanto dano fai a mocidade, gustaríanos pedir un minuto de silencio por Sandra Peña, sendo este un momento reivindicativo e de apoio ás vítimas que sofren acoso e ciberacoso.**

Tras un aplauso tras este minuto de silencio o concelleiro abre o debate sobre as propostas presentadas. Aurelio toma a palabra en relación a **proposta 1**, en concreto para indicar que sobre a colocación de debuxos nas marquesiñas poderían ser grafitis. O concelleiro propón comezar coas marquesiñas que estean máis perto dos centros educativos. Eloy comenta que podería haber cursos cun artista local. María, concelleira de Educación e igualdade, informa de que o curso pasado houbo un curso de grafitis e que se se fai este ano podería axudar a conseguir este obxectivo. A proposta apróbase, e queda pendente valorarse o artista local.

O concelleiro Juan Cerqueiro indica que sobre a reflexión feita por Julia está completamente dacordo e pasase a comentar a **proposta 2** realizada por Mateo en relación á impartición de charlas de sensibilización sobre o acoso escolar e o cyberbullying. Informa ao pleno de que a Garda Civil da charlas todos os anos no instituto. A concelleira de Educación María indica que o seu departamento realiza charlas todos os anos para familias, pero que o problema é a asistencia. Manifesta que está en contacto coas representantes das familias para ver como se organiza este ano e que está falando tamén con informáticos. Pídelles ás Toupas que lle digan eles aos pais a importancia de formarse nestes temas. Aurelio, vogal do FoPIA, indica que no Encontro Autonómico celebrado en Nigrán se fixo fincapé nas competencias familiares para abordar este asunto indicando que as familias deben educar no autocontrol. O concelleiro coincide en que o máis importante é a prevención e que por iso mesmo este curso están facendo propostas no ámbito dos dereitos dixitais.

Pásase a debater a **proposta 3** realizada por Hugo sobre obradoiros de videoxogos. O concelleiro Juan Cerqueiro indica que o curso pasado tamén se organizou unha actividade deste tipo desde a concellería de Mocidade, e indica que é posible organizar unha Feira de videoxogos. Aurelio indica que dentro dos ordenadores pode haber partes moi positivas como o feito de poñer en contacto a xente diversa en torno a un mesmo obxectivo.

Sobre a **proposta 4** en relación a petición da creación dun protocolo municipal para a prevención do ciberacoso, a concelleira de Educación María Vázquez di que no ámbito da Igualdade xa se están facendo protocolos, e que no ámbito do acoso escolar existe o protocolo da Consellería. Eva López, educadora social indica que sería posible en colaboración cos centros educativos crear este protocolo e que podería ser unha tarefa a realizar pola Mesa comunitaria de infancia para fixar ben como e en que casos se realizan as derivacións entre as diferentes entidades implicadas. Aurelio indica que o acoso é un delito e é moi grave polo que pide aos observadores que non sexan cómplices e insistindo en que hai que denunciar esta condutas. Informa que no Encontro Autonómico de Nigrán tamén se falou sobre este tema.

O concelleiro Juan Cerqueiro pide aos representantes dos centros educativos que comenten tamén as súas propostas e cédelle a palabra a **Mariana, representante de 6º de Educación Primaria do ceip Os Tilos**. Mariana comenta que na súa aula fixeron un Manifesto sobre as redes sociais, destacando as súas ventaxas pero tamén os perxuicios. Di “queremos redes que nos axuden e nos protexan, e que sexan un lugar seguro”. Juan Cerqueiro indica que podería enviar este manifesto ao correo electrónico das Toupas de Teo indicando que é toupasdeteo@teo.gal.

Intervén a continuación **Martíño, alumno de 6º de Educación Primaria do ceip dos Tilos**. Comenta que na súa aula traballaron sobre o dereito a estar protexido contra o ciberacoso. Di que coñece casos que acaban en suicidio. Tras as súas emotivas palabras o concelleiro de infancia e benestar Juan Cerqueiro dille que están facendo todo o que está da súa man para poñerlle freo ao acoso escolar.

A continuación **Xavi, alumno do IES Cacheiras**, comenta que quere dicir que onte día 19 de novembro foi o Día do home. Quere destacalo porque como o 25 de novembro é o día de eliminación da violencia sobre a muller, lle parece que este día se coñece menos.

A continuación, a secretaria do CLIA pídelle a **Julia, representante no CAIA** que informe sobre a actividade do *Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia*. Informa de que este ano Aurelio tamén está como representante, polo que Teo conta con dous representantes neste órgano. Julia informa de que están facendo un documento en relación á infancia que está en contexto de vulnerabilidade. Tamén se falou sobre a realización de Murais como unha proposta de participación relacionada cunha investigación da Universidade Autónoma de Barcelona e a Pere Tarrés. Outra liña de traballo é sobre o desenvolvemento da LOPIVI abordándose a parte específica de dereitos dixitais. Aurelio comenta ademais que tivo a oportunidade de participar nun podcast con Lucía Regueira, xornalista e amiga de UNICEF-Galicia no Encontro Autonómico de Nigrán. Ali tamén escenificaron un show sobre o ciberbullying. Engade que outras das actividades nas que se sole participar é nos *Encontros estatais de participación de Consello Locais* onde Teo sempre acode.

4. Lectura da Declaración institucional. O concelleiro de Servizos Sociais e Infancia, Juan Cerqueiro informa que se ten aprobado unha Declaración institucional polo 20 de novembro, e pídelle a un vogal do FoPIA que a ela. Finalmente Amanda, vogal do FoPIA, fai entrega ao concelleiro do **Manifesto de Nigrán**, documento resultante do traballo realizado polos Consellos Locais presentes no Encontro Autonómico celebrado en dito concello co obxectivo de que se realicen as propostas que poidan ser realizadas a nivel local.

Finaliza o acto visualizándose o vídeo do Encontro de Nigrán para animar ao alumnado presente na sala a participar no Foro de participación da infancia e adolescencia “As toupas de Teo”. Tras a visualización do vídeo realízase unha foto de grupo.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia e 3ª idade e Relacións Veciñais

Teo, 20 de novembro de 2025.